

**DA MONARQUÍA CATÓLICA
Á REPÚBLICA VIRTUOSA.
O IMAXINARIO POLÍTICO NA
CREACIÓN DO MUNDO
IBEROAMERICANO**

Anthony Pagden

University of California

I

Nunca existiu, nin como denominación nin como realidade, un imperio *español*. Existiu, xaora, o Sacro Imperio Romano, cuxo emperador foi durante un tempo tamén o monarca dos diferentes reinos de España. Durante tres séculos tamén existiu unha vasta extensión de territorio que abranguíu o Atlántico e o Pacífico e que estaba baixo o control do soberano de Castela. Frecuentemente isto foi descrito como a «monarquía española» e en ocasións como a *monarquía católica*. Entre 1580 e 1648, cando os reinos da Península Ibérica estaban baixo un só dominio, estendíase tamén desde Messina a Macau. Era a maior e máis extensa unidade política que o mundo nunca viu, na cal, como o poeta español Bernardo de Balbuena ben expresou en 1604, «España se une á China e Italia ao Xapón»¹.

En ocasións, os reis de Castela e de Aragón (e por veces tamén os reis de Portugal) asumiron posturas universalistas, presentándose como «señores da cristiandade» ou, menos modestamente, «señores de todo o mundo».

Este conglomerado, sobre o cal gobernaron os Habsburgo e máis tarde os Borbóns, e ao cal desde o século XVIII se fixo referencia como o «imperio español», foi imaxinado como personificación dun só corpo de dereito público adoptado polo imperio e encarnado na persoa, a *persona ficta*, do propio monarca. Mais, por poderosa que esta imaxe claramente fose, ningún monarca español antes ca Carlos III fixo o máis mínimo intento de moldear os diversos reinos de que se compuña a monarquía en algo semellante, por exemplo, ao Estado unitario, o *état unifié*, que imaxinou Luís XIV. O propio monarca actuaba máis como un axente de distribución e xustiza comunitaria ca como a autoridade política

¹ Gruzinski, Serge (2004): *Les quatre parties du monde : histoire d'une mondialisation*, París, Éditions de la Martinière, 49.

incuestionable e, malia os esforzos centralizadores de sucesivos gobernantes de Castela desde Filipe II ata Carlos III, constitucionalmente a monarquía máis ben semellaba unha federación de estados *quasi* independentes ca un *imperium* legalmente indiviso. Como o diplomático Diego Saavedra Fajardo observou en 1639, o que os xuristas españois preferían denominar «provincias» constituíron de feito o que noutros Estados de Europa era designado máis apropiadamente como «nacións» ou «reinos»². Isto era, abofé, principalmente certo nos dominios europeos. Nápoles e Sicilia permaneceron como reinos soberanos, como tamén fixo Aragón; Milán, como un ducado independente e os Países Baixos, como un composto de condados e principados. Cando en 1539 o gran teólogo dominico Francisco de Vitoria, nunha conferencia sobre as orixes do poder civil, quixo ofrecer á súa audiencia exemplos do que os aristotélicos denominaron «comunidades perfectas», é dicir, aquelas que eran politicamente autosuficientes, escolleu como exemplo «Castela, Aragón e outros semellantes», un dos cales era Venecia, o máis ferozmente antimonárquico dos estados europeos da Idade Moderna³. «España» era unha «expresión xeográfica». Mesmo as Américas, aínda que incorporadas formalmente á Coroa de Castela en 1523, gozaron en gran medida dunha autoridade política independente e foron invariablemente descritas, antes do século XVIII, como «Reinos de Indias» e, a partir de 1680, gobernadas por un código de leis diferente⁴. Carlos V mesmo facía referencia de xeito concreto a estes reinos entre o resto dos seus numerosos títulos.

De igual maneira ca a maioría dos Estados extensos, a monarquía española amosou continuamente o seu carácter expansionista desde o momento en que deixou de ser unha mera unidade territorial. Para alén disto, como numerosos contemporáneos creron, unha vez que un Estado emprendía unha política de expansión, tiña que continuar a se estender se quería perdurar. O problema era que o crecemento exponencial só podía conducir, en definitiva, a unha fragmentación e colapso final. «Este é o perigo das monarquías», escribiu Saavedra Fajar-

² Saavedra Fajardo, Diego de (1976): *Empresas políticas: idea de un príncipe político-cristiano*, ed. de Quintín Aldea Vaquero, Madrid, Editora Nacional, 75-76.

³ Vitoria, Francisco de (1997): «De iure belli», 1.2, en *Vorlesungen: Völkerrecht, Politik, Kirche*, ed. de Ulrich Horst, Heinz-Gerhard Justenhoven e Joachim Stüben, Stuttgart, Kolhammer, II, 552. Esta é actualmente a mellor edición do texto en latín.

⁴ A *Nueva Recopilación de las Leyes de los Reynos de las Indias*, reunida polo xurista Juan de Solórzano y Pereira na década de 1650 mais non promulgada ata 1680, tras a súa morte.

do: «que, procurando o repouso[,] dan nas inquedanzas. Queren parar, e caen. En deixando de obrar enferman»⁵. A mediados do século XVII, para moitos coma Fajardo, esta era a principal razón pola que a noutrora grandiosa monarquía católica agora parecía estar a se afundir. Era o destino inevitable de todos os grandes imperios que se expandían en exceso.

No entanto, para moitas persoas alleas ao tema, as dificultades reais da monarquía parecían deberse non tanto á súa fragmentación política ou á súa incapacidade para continuar a absorber máis territorio como á súa adhesión ás tensións ideolóxicas que noutro tempo a dotaran de coherencia: a estreita identificación coa relixión católica (malia que non sempre en consonancia coa Igrexa católica) e a busca de supremacía militar. Ambas se exhibiran de xeito prominente desde 1492, ese ano *quasi* mítico en que a conquista de Granada, a expulsión dos xudeus e a primeira viaxe de Colón impulsaran o futuro «imperio español».

O descubrimento e conquista das Américas tamén tiveron como resultado a fortuíta descuberta dunha gran riqueza mineral. Isto, non obstante, foi tanto unha beizón como unha maldición. *Sir* Josiah Child, presidente da Compañía Británica das Indias Orientais, apreciou en 1665 que os españois, distraídos pola súa «intensa e senlleira industria nas súas minas de ouro e prata», nunca estiveran en posición de entender completamente o valor de «cultivar a terra e producir mercadorías para o crecemento dela»⁶. Foi esta enorme dependencia das materias primas, sobre todo dos metais preciosos, máis ca a excesiva extensión territorial, na opinión de Child, a causa principal do famoso «declive español» do que el mesmo estaba a ser testemuña. Esta converteuse nunha explicación amplamente compartida para as cada vez máis profundas dificultades económicas e militares que aflixían a monarquía. España, reflexionaba o gran teórico social francés Charles-Louis de Secondat, barón de Montesquieu, en 1725, non chegara a entender onde residía realmente a verdadeira riqueza dos Estados. No canto de cultivar a terra, o que significaba ademais mellorar as condicións e o benestar dos habitantes nativos, os sucesivos gobernantes españois centráranse unicamente na extracción de metais preciosos, que eran tan só «un ben ficticio ou banal». Como consecuencia disto, abandonaran «as fontes de riqueza natural polos símbolos de riqueza»⁷. Na opinión de Montesquieu, a mediados do século XVIII, cando España perdera todos

⁵ *Empresas políticas: idea de un príncipe político-cristiano*, 604.

⁶ Child, Josiah (1751 [1665]): *A New Discourse of Trade*, Glasgow, 153.

⁷ Montesquieu (1749-1951): *Considérations sur les richesses de l'Espagne*, en *Œuvres complètes*, ed. de Roger Callois, París, Bibliothèque de la Pléiade, II, 10-11.

os seus antigos territorios en Europa, converteuse en pouco máis ca dependente dos seus propios asentamentos coloniais. «As Indias e España son dúas potencias baixo a mesma soberanía», escribiu, «mais as Indias é a principal e España simplemente un accesorio»⁸.

A solución a este aperto, suxerida de maneiras diferentes por Child e Montesquieu, consistía en transformar a monarquía española dunha de conquista a unha de comercio, desde unha sociedade ideoloxicamente «pechada» a unha ideoloxicamente «aberta». O libre comercio e a liberdade de consideracións relixiosas eran o único modo en que unha sociedade moderna podería esperar prosperar. Neste sentido, concluíu Montesquieu, «no canto dun gran tesouro, tería un gran pobo». Isto debía traducirse en emular o que xeralmente era considerado como o camiño que os ingleses e holandeses xa adoptaran: a creación de imperios baseados non na conquista, senón en asentamentos supostamente pacíficos, e non sobre a extracción de materias primas, senón sobre o comercio. A modernidade no mundo atlántico, coma na propia Europa, significou a mudanza de sociedades guerreiras arcaicas por outras baseadas no intercambio pacífico. De acordo coa interpretación do mundo moderno que fai o gran economista escocés Adam Smith en *A riqueza das nacións* e que arrincou coas memorables viaxes de Colón e Vasco da Gama (os «maiores e máis importantes» sucesos na historia da humanidade), o comercio substituiría a guerra⁹.

Houbo, polo menos a primeiros do século XVIII, bastante xente en España que chegara a conclusións semellantes. O moi influente economista político Jerónimo de Uztáriz afirmou en 1724 que só se nese momento Castela elixise adoptar as «novas máximas» con que Jean-Baptiste Colbert, o controlador xeral de finanzas de Luís XIV, lograra transformar Francia dunha nación de guerreiros a unha de comerciantes poderían os españois ter a esperanza de emular o sorprendente éxito dos seus inimigos¹⁰. Non obstante, adoptar as «máximas» dos seus antigos inimigos é, lóxicamente, un asunto nada sinxelo¹¹.

Para a segunda metade do século XVIII, no entanto, numerosos e importantes personaxes comezaron a insistir nunha reavaliación dos obxectivos políticos e culturais da monarquía española seguindo as directrices dos seus críticos france-

⁸ *De l'esprit des lois*, XXI, 22, en *Œuvres complètes*, II, 648-649.

⁹ Smith, Adam (1980): *The Wealth of Nations*, ed. de W. B. Todd, Oxford, Oxford University Press, II, 626-627.

¹⁰ Uztáriz, Jerónimo de (1724): *Theoría y práctica de Comercio y de Marina*, Madrid, 60-62.

¹¹ Para os atractivos e os perigos da imitación, ver Paquette, Gabriel B. (2008): *Enlightenment, Governance, and Reform in Spain and its Empire*, Houndsmills, Palgrave Macmillan, 29-55.

ses e británicos¹². Tamén recoñeceron que a necesidade de reformar a monarquía se convertera en moito máis ca a simple busca dunha asociación de dominios que fosen á vez produtivos en termos económicos e coherentes politicamente. Tornárase de feito nunha crise de identidade. A máis rechamante e influente destas figuras foi José del Campillo y Cossío, secretario da Mariña e das Indias entre 1741 e 1743, e quen no decenio de 1760 elaborou un proxecto para a completa revisión do imperio de ultramar que levou como título *Nuevo sistema de gobierno económico para la América*¹³.

A América española, apuntaba Campillo, fora fundada e aínda se dirixía seguindo os intereses do que para mediados do século XVIII fora identificado como o malestar nacional primordial: *o espírito de conquista*. Como Georg Friedrich Hegel observou desde a súa vantaxosa posición en 1830, as diferenzas que separaron América do Norte de América do Sur derivaban todas do feito de que «Sudamérica foi conquistada, mais Norteamérica colonizada»¹⁴. A consecuencia deste, malia que ilusorio, único propósito de busca de riqueza mineral e gloria militar, España obtiña neste momento menos das súas posesións americanas do que a Gran Bretaña e Francia lograban das súas illas de Barbados e Martinica respectivamente¹⁵. No século XVI, a conquista fora tanto lexítima como, en certa medida, lucrativa para a Coroa. Ambas as características estaban en consonancia co espírito marcial de entón e coa necesidade inmediata de subxugar un gran número de indios¹⁶. Mais aqueles tempos ficaran atrás con rapidez e o século seguinte, que debería ser unha era dourada, foi, en troques, «un século de desgraza e perda» a medida que os españois, no canto de consolidaren o seu control sobre o

¹² Para os antecedentes deste movemento, ver Elliott, John H. (2009): «Learning from the enemy: early-modern Britain and Spain», en *Spain, Europe and the Wider World 1500-1800*, New Haven/Londres, Yale University Press, 25-51.

¹³ Aínda que non se deu ao prelo ata 1789, o *Nuevo sistema* circulou amplamente nos círculos administrativos e xudiciais antes desa data. Unha versión do texto, na maioría dos lugares palabra por palabra, tamén apareceu como a segunda parte do *Proyecto económico, en que se proponen varias providencias, dirigidas á promover los intereses de España*, de Bernardo Ward, publicado por vez primeira en Madrid en 1799. A propia contribución de Ward, que se limitaba a unha discusión da España metropolitana, fora redactada en 1762. Para consultar unha análise da relación entre os dous textos, ver a introdución de Antonio Elorza a Campillo y Cossío (1969 [1741]): *Lo que hay de más y menos en España, para que sea lo que debe ser y no lo que es. España despierta*, Madrid, Seminario de Historia Social y Económica de la Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad de Madrid, 11-16.

¹⁴ Hegel, Georg Wilhelm Friedrich (1956): *The Philosophy of History*, trad. de J. Sibree, Nova York, Dover Publications, 83-84.

¹⁵ Campillo y Cossío, José del (1789): *Nuevo sistema de gobierno económico para la América*, Madrid, 2-3.

¹⁶ *Nuevo sistema de gobierno económico para la América*, 14.

que xa gañaran e de diversificaren a economía colonial, simplemente continuaron a conquistar¹⁷. Os conquistadores e os seus sucesores, preocupados só por perpetuar unha sociedade arcaica baseada no valor militar, non deron entendido que a verdadeira riqueza dunha sociedade proviña da orde política e social e non do saqueo. As consecuencias foran nefastas. Observen, dixo Campillo ao Gran Khan (o *quasi* mítico gobernante da China): con ministros menos capaces ca o rei de España e menos territorios, conseguiu porén mellores resultados e, engade Campillo misteriosamente, «non están os seus vasalos tan asoballados»¹⁸. As Américas foran botadas a perder polos conquistadores europeos. A mellor e máis apreciada parte do Estado, o seu pobo, fora reducida a unha fracción do seu número anterior e, a consecuencia do abuso tiránico, os escasos indios que aínda quedaban foran convertidos nunha forza completamente improdutiva. O que noutrora foi «unha nación discreta e política nas mans dos nativos e nas tebras da barbarie» fora devastada polos gobernantes cristiáns e agora «están incultas, despoboadas e case totalmente aniquiladas, unhas Provincias que poderían ser as máis ricas do mundo»¹⁹. Sería moitísimo mellor, argumentaba, se os españois seguisen no seu momento o exemplo dos franceses no Canadá e unicamente comerciasen no canto de, a un alto prezo para eles mesmos, masacraren nacións das cales poderían obter beneficio económico. No entanto, ao se enfrontar España a unha terra asolada, debería agora «seguir máximas totalmente distintas» e, con elas, os indolentes suxeitos da Coroa española terían que «volver a súa atención ao comercio, ao cultivo daqueles preciosos froitos, establecer unha boa policía, e por medio dun bo goberno económico, reducir os Indios á vida civil, tratándoos con benignidade e con dozura, animalos á industria, e por este camiño facer deles vasalos útiles e Españóis».

Noutras palabras, os suxeitos medievais deberían transformarse en cidadáns modernos. Non obstante, con pesar, concluía: «[N]ós estamos sempre coas armas na man»²⁰.

A visión particularmente pesimista de Campillo y Cossío das consecuencias a longo prazo do espírito militar español era repetida con máis forza por Pedro Rodríguez Campomanes, ministro de Finanzas de Carlos III. En 1762, ao mesmo tempo exacto que o *Nuevo sistema* de Campillo y Cossío comezaba a circular nos círculos ilustrados de Madrid, Campomanes publicou as súas *Reflexiones sobre el*

¹⁷ *Nuevo sistema de gobierno económico para la América*, 6-7.

¹⁸ *Nuevo sistema de gobierno económico para la América*, 2.

¹⁹ *Nuevo sistema de gobierno económico para la América*, 3.

²⁰ *Nuevo sistema de gobierno económico para la América*, 15-16. [N. da T.: todas as citas en español no orixinal].

comercio español a Indias, unha resposta ás críticas ao imperio español feitas polo economista inglés Josiah Child no seu *A New Discourse of Trade*, e ás observacións de Montesquieu en *L'Esprit des lois*. «Todas as nacións cren», escribiu, «que a riqueza por medio do comercio, a navegación e a industria é o único manancial da pública felicidade. As guerras actuais máis se emprenden co fin de posuír o tráfico das colonias que por estender o dominio»²¹. Durante séculos o imperio español non fora máis nada ca o medio de transporte de ouro e prata a todas as nacións europeas, do cal a propia España tirou moi pouco. E el tamén atribuíu isto ao «espírito de conquista»²². Cegada pola súa obcecada crenza premoderna na incuestionable necesidade do éxito militar, España no século XVII «non coñecía naquela crise política de Europa os seus verdadeiros intereses»²³.

Neste aspecto Campomanes coincidía por completo tanto con Child como con Montesquieu. Igual ca Campillo, tamén el estaba convencido de que ultimamente o problema español non podía resolverse tan só facendo pequenos axustes nas estruturas existentes. A monarquía española tiña que mudar o seu interior; tiña, en palabras que empregaba a miúdo, que «mudar o seu ser»²⁴. Para isto houbo de se dedicar dunha maneira carente de precedentes ao que se coñecía como «a felicidade pública», unha expresión bastante vaga que circulaba amplamente nos distintos idiomas da teoría política e por toda Europa no século XVIII²⁵. Co fin de difundir felicidade a todos os seus súbditos, a arcaica monarquía hispánica tiña que ser reinterpretada como o que en ocasións alegou ser mais na realidade nunca foi, non como un simple «Estado composto» senón unha metrópole con numerosas colonias; noutras palabras, como un verdadeiro *imperio*²⁶. Porque, como J. G. A. Pocock afirmou, moitos no século XVIII (e sen dúbida Campomanes foi un deles) consideraban «imperio» e «sociedade civil» como practicamente

²¹ Rodríguez Campomanes, Pedro (1988 [1762]): *Reflexiones sobre el comercio español a Indias*, ed. de Vicente Lombart Roas, Madrid, Ministerio de Economía y Hacienda, 11-12.

²² Rodríguez Campomanes, Pedro (1775): *Discurso sobre la educación popular de los artesanos y su fomento*, Madrid, 410.

²³ *Discurso sobre la educación popular de los artesanos y su fomento*, 412.

²⁴ *Reflexiones sobre el comercio español a Indias*, 23.

²⁵ Sobre isto, ver Paquette, *Enlightenment, Governance, and Reform in Spain and its Empire*, 56-62.

²⁶ Sobre o uso deste termo, ver Koenigsberger, Helmut Georg (1986): «*Dominium regale* or *Dominium politicum et regale*», en *Politicians and Virtuosi: Essays in Early-Modern History*, Londres, Hambledon Press, 12.

intercambiables²⁷. Porén, e en primeiro lugar, para se converter nun verdadeiro imperio a *Monarchia Hispanica* tiña que se reinventar como algo semellante ao Estado transatlántico que os británicos estaban daquela en proceso de construír no norte. Sen dúbida, as consecuencias para ambos ao final poderían resultar desastrosas, mais Campomanes, en 1762, non podería anticipalo.

Con este obxectivo en mente, as *Reflexiones* propuñan unha nova interpretación da vella distinción entre os *Reinos de Indias* e os diferentes dominios na propia Europa. Campomanes é un dos primeiros en falar sistematicamente das «colonias» americanas e en consideralas non como unha parte allea a Castela aínda que dependente dela, senón como comunidades comparables ás colonias que a Gran Bretaña, e dalgunha maneira Francia, estableceran en América do Norte; comunidades *quasi* independentes cuxos beneficios e cuxo propio desenvolvemento interno dependían do comercio e a agricultura. Opinaba que o erro que a Coroa de Castela cometera fora limitar o acceso ao comercio americano aos casteláns de orixe. O imperio español constituía un vasto mercado interior; no entanto, en 1596, Filipe II negara aos portugueses (que eran naquel momento súbditos da Coroa de Castela) calquera participación no comercio americano e en 1634 Filipe IV prevíraos contra a posibilidade de comerciaren nas Filipinas²⁸. As mesmas limitacións se aplicaran a flamengos, italianos e, nalgúns casos, aragoneses. O proxecto de Campomanes, se se levase a cabo daquela, abriría os mercados americanos a todos os súbditos da Coroa de Castela e, dun xeito crucial, liberalizaría o comercio entre eles.

A introdución dunha zona de comercio libre, pois, aínda estaba confinada aos límites do vello *imperium* español e debía vencellarse a unha política de reestruturación educativa. Os españois, todos eles, habían ser educados, na opinión de Campomanes, para seren suxeitos económicos modernos. Este era o proxecto que había tras o seu *Discurso sobre la educación popular* de 1775. Un texto que reiteraba moitas das ideas expostas nas *Reflexiones* e que algúns anos máis tarde foi retomado por Melchor Gaspar de Jovellanos no seu moi influente *Informe sobre la Ley Agraria* de 1795. A partir de tales comezos, o espírito da sociedade comercial paseniñamente iría substituíndo a vella orde de dominación. E, co es-

²⁷ Pocock, John Greville Agard (1999): *Barbarism and Religion*, Cambridge, Cambridge University Press, IV, 220.

²⁸ *Reflexiones sobre el comercio español a Indias*, 62.

tablecemento do libre comercio entre todas as diferentes e remotas rexións, Campomanes estaba seguro de que España sería finalmente capaz de *mudar o seu ser*.

Inicialmente, Campomanes, coma Campillo y Cossío e Jovellanos, defendeu unha mudanza económica e estrutural e non unha mudanza política; mudanza como medio para achegar a monarquía española ao seu novo ser moderno e comercial. No entanto, logo se fixo evidente que a única orde política que faría posible esta nova orde comercial non era unha monarquía antiga (o concepto declinante da comunidade transatlántica, dun *ius publicum*, encarnado na persoa xurídica do rei). A modo de paradoxo, o novo «imperio» moderno só podería concibirse como unha especie de federación. Quen observou isto con maior claridade foi o conde de Aranda, coñecido de Voltaire e do *abbé* Guillaume Raynal (autor da *Histoire philosophique et politique des deux Indes*, a condena máis corrosiva do colonialismo europeo publicada no século XVIII) e presidente do Consello de Castela. En 1783, mentres ocupaba o cargo de embaixador de España en Francia, Aranda preparou un memorando secreto, a «Exposición del conde de Aranda al rey Carlos III sobre la conveniencia de crear reinos independientes en América», verbo do posible desmembramento do sistema colonial americano. «Debe a Vosa Maxestade desfacerse de todas as súas posesións no continente de ambas as Américas», escribiu, mantendo só as illas de Cuba e Porto Rico como base do comercio español. O resto na súa totalidade, suxeriu, debería transformarse en tres reinos independentes (que corresponderían aos tres vicerreinados) gobernados como unha federación non moi rixida e non baixo o control do monarca español, senón dun *emperador* español, ao modo que idearan os titulares do Sacro Imperio Romano Xermánico. Aranda opinaba que esa federación produciría máis para o tesouro español co comercio do que as colonias fixeran coas cargas fiscais. Unha vez unidos, os tres reinos non só non mostrarían iniciativa ningunha por se separaren completamente de España, senón que, alén diso, serían máis capaces de resistir as novas ameazas exteriores e estarían politicamente máis inclinados a facelo; ameazas que Aranda, coma a maioría dos españois, cría, e non sen razón, que supuñan os novos Estados Unidos. Na súa opinión, os estados federados do tipo que propuxera eran a longo prazo moito máis fortes e economicamente máis prósperos ca ningún outro. Os Estados Unidos demostráranos. «Chegará un día», escribiu de xeito profético, «en que [esta república federal] creza e se torne

xigante e aínda coloso terrible naquelas rexións»²⁹. Igual ca o proxecto, non moi diferente, proposto por lord Shelburne para a América británica, o proxecto de Aranda chegou tarde de máis e foi ignorado³⁰. Pero o que Aranda observara era que o único modo de salvar o «imperio», como se chamaba daquela, era fortalecer as tendencias federalistas que xa estiveran presentes na antiga *monarchia* habsbúrxica.

O proxecto de Aranda asumía que as colonias xa non poderían ser por máis tempo unha parte totalmente integrada da metrópole e que, se non se tentaba algo radical, o resultado non sería máis ca a insurxencia. Suporía a creación de novos Estados, novas nacións, que poderían tornarse non só independentes da «nai patria», senón abertamente hostís aos seus intereses. En 1776, coincidindo coa guerra americana de Independencia, Adam Smith predicaba un parecido destino para as colonias británicas en América do Norte. Afirmaba que continuar a guerra (condenada en calquera caso ao fracaso) podería tan só conducir en última instancia ao colapso dun imperio que en ningún momento, na súa opinión, significara máis ca un proxecto e que achegara moi poucos beneficios á «nai patria». Grazas ás colonias, a súa independencia, pola contra, persuadiría

a súbditos turbulentos e sediciosos de se converter nos nosos máis leais, afectuosos e xenerosos aliados; e o mesmo tipo de afecto paternal, por unha banda, e respecto filial, pola outra, podería revivir entre a Gran Bretaña e as súas colonias, o mesmo que noutrora existiu entre aqueles da Grecia antiga e a cidade-nai da que descendían³¹.

No mesmo ano, Anne-Robert Turgot, *philosophe*, economista político e daquela ministro de Finanzas francés, nunha reflexión sobre o posible destino das colonias españolas no período seguinte á guerra americana de Independencia, chegou

²⁹ «Exposición del conde de Aranda al rey Carlos III sobre la conveniencia de crear reinos independientes en América», en Muriel, Andrés (1959 [1838]): *Gobierno del señor rey Carlos III*, ed. de Carlos Seco Serrano, Biblioteca de Autores Españoles, 115, Madrid, Ediciones Atlas, 399-401.

³⁰ Vee, Eliga H. Gould (2000): *The Persistence of Empire: British Political Culture in the Age of the American Revolution*, Chapel Hill, University of North Carolina Press, 166, e Elliott, John H. (2006): *Empires of the Atlantic World: Britain and Spain in America, 1492-1830*, New Haven/Londres, Yale University Press, 367. Benjamin Franklin agradeceu a suxestión de Shelburne co comentario «Con certeza nunha houbo unha quimera máis absurda concibida no cerebro dun ministro».

³¹ Mossner, Ernest Campbell / Ian Simpson Ross (1977): *The Correspondence of Adam Smith*, Oxford, Oxford University Press, 610.

á mesma conclusión. As colonias, formulaba, tan só foran un beneficio económico real para aqueles que comerciaron libre e independentemente con elas, e que polo xeral non eran os seus amos políticos. «Os ingresos», escribiu, «que o Goberno deriva das súas colonias non teñen, xa que logo, valor para o Estado considerado como un poder político» [«Le revenu que le gouvernement tire des colonies, est donc une ressource nulle pour l'état considéré comme puissance politique»]. Os Estados que máis se beneficiaran das colonias americanas, tanto do norte como do sur, foron os Países Baixos, as terras austríacas e Suíza, os últimos dous, ademais, sen posesións ultramarinas. Coma Smith, tamén el coidaba que

se debería cuestionar se non sería no seu momento máis vantaxoso para nós [a monarquía borbónica] deixalos á súa propia sorte en total liberdade, no canto de agardar polos sucesos que nos forzaron a tomar ese camiño.

[on sera tenté de douter s'il n'eût pas été plus avantageux pour nous de les abandonner à leurs propres forces avec une entière indépendance, même sans attendre le moment où les événements nous forceront de prendre ce parti.]

«Sabia e feliz», concluíu, «sería a nación que consentise en aceptar as súas colonias como provincias aliadas no canto de como súbditos da metrópole» [«Sage et heureuse la nation [...] qui consentira ne à voir ses colonies que des provinces alliées, et non plus sujettes de la métropole»]³². Porén, como ambos os homes xa sabían, o que resulta obvio para un economista político apenas ten sentido para o monarca británico, o francés ou o español.

II

Logo da primeira insurxencia en México en 1810 e do estalido da guerra no que hoxe é Venezuela dous anos máis tarde, a semellanza entre a posición dos españois naquel momento e a situación en que os ingleses se atoparan en 1776 revelouse de maneira descarnada. Ao permaneceren ambas as monarquías inde-

³² Turgot, Anne-Robert-Jacques (1791): *Mémoires sur les colonies américaines, sur leurs relations politiques avec leurs métropoles, et sur la manière dont la France et l'Espagne on dû envisager les suites de l'indépendance des Etats-Unis de l'Amérique* [6 de abril de 1776], París, 30-31. Turgot fala de ambas as monarquías, a francesa e a española, como «nós».

fectiblemente ligadas ao «espírito de conquista» (malia os escritos dos seus asesores e mesmo dos seus ministros máis ilustrados), decidíranse máis pola guerra que por reformas e negociacións. «España», declarou o panfletista francés, antigo embaixador napoleónico e defensor de Simón Bolívar Dominique Dufour de Pradt en 1817, «debería preguntarse que será necesario facer cando non poida xa conquistar nin manter o conquistado; se non sería como facer amigos entre aqueles que non pode ter por máis tempo como súbditos»³³.

Como se sabe, porén, os monarcas españois non consideraron sequera tales cuestións. Carlos III e Carlos IV podían imaxinarse a si mesmos como os gobernantes dun moderno imperio comercial. Mesmo podían aceptar certo grao de autonomía local nas colonias e a posibilidade, veementemente perseguida baixo o reinado de Carlos III, de os crioulos e os casteláns poderen ter os mesmo dereito aos cargos públicos tanto na metrópole como nas colonias. O que non podían concibir, igual ca Xurxo III, era a existencia de rexións totalmente autónomas dentro dos límites territoriais da *monarchy*.

O fracaso en levar isto a cabo conduciu, como tamén o fixera no caso británico, a unha guerra civil e finalmente á independencia das colonias. Alén diso, coma no caso norteamericano, esta ruptura non só supuxo a fin da autoridade da antiga metrópole sobre as colonias, pois en última instancia comportou a creación de dous sistemas políticos diferenciados.

Os españois en América estaban, no entanto, nunha situación moito máis precaria ca os seus veciños do norte. As trece colonias británicas de América do Norte, malia que divididas constitucional e culturalmente (e tamén no relixioso), eran, porén, etnicamente homoxéneas. As poboacións indíxenas, se ben lle serviron a Thomas Jefferson como modelo de valor e independencia «bárbaro», non eran, con todo, un modelo que desexase ver duplicado nos novos Estados Unidos. O exemplo dos iroqueses suxeríralle a Benjamin Franklin que, se mesmo un pobo tan sinxelo daba creado unha sociedade federal satisfactoria, sen dúbida unha sociedade civilizada e europea ilustrada tamén podería logralo. Pero, polo demais, os indios americanos só existían para seren desprazados. Os Reinos de Indias, non obstante, sempre constituían oficialmente sociedades compostas de

³³ Dufour de Pradt, Dominique-Georges-Frédéric (1817): *The Colonies, and the Present American Revolutions*, Londres, 384. Bolívar pagou a De Pradt unha pensión e nunha ocasión describiuno como «un filósofo sublime», interpretando a Aristóteles para o seu Alexandre. Bolívar, Simón (1950): carta do 21 de marzo de 1826, en *Obras completas*, ed. de Vicente Lecuna, A Habana, Editorial Lex, II, 339.

crioulos e indios e, con posterioridade, tamén de africanos. O recurso dun pasado «inca» e «azteca», en gran parte imaxinario, que mesmo sustentou o chamado «patriotismo crioulo» ao longo do século XVIII no Perú e en México e é aínda unha compoñente poderosa na conciencia nacional mexicana moderna, sería impensable no norte.

Como Simón Bolívar afirmou ao seu correspondente inglés no máis coñecido dos seus escritos políticos, a Carta de Xamaica de setembro de 1815, nun fragmento que repetiu catro anos máis tarde no seu discurso aos lexisladores do novo Estado de Venezuela, os americanos españois «apenas [conservan] vestixios do que noutro tempo foi, e [...] por outra banda non [son] indios, nin europeos, senón unha especie media entre os lexítimos propietarios do país e os usurpadores españois»³⁴.

Como claramente o expresou Bolívar, durante trescentos anos, atrapados así entre dúas culturas e separados polo tempo, a raza e agora as aspiracións políticas do seu pasado europeo, «estraños ao mundo político e separados de todo o que puidese dalgún modo exercitar a [súa] intelixencia [...], os americanos do sur pasaron a través dos séculos coma os cegos por entre as cores»³⁵.

Quizais Bolívar estaba a esaxerar. Porén, atinaba sen dúbida na súa alegación de que os Estados Unidos eran, en moitos aspectos importantes, diferentes de todo o que existía no sur³⁶. Como comunicou aos futuros lexisladores de Venezuela, as colonias inglesas non só se autogobernaran durante a maior parte da súa existencia: tamén preservaran a súa pureza cultural e racial. «Teñamos presente», advertiu, «que o noso pobo non é o europeo nin o americano do norte [...]. É imposible asignar con propiedade a que familia humana pertencemos. A maior parte indíxena foi aniquilada, o europeo mesturouse co americano e co africano, e este mesturouse co indio e co europeo».

A única solución para tal hibridismo pasa pola súa extinción, no que el denominou «unha perfecta igualdade política»³⁷. Non máis crioulos, non máis africa-

³⁴ «Contestación de un Americano meridional a un caballero de esta isla», coñecido como a «Carta de Xamaica», setembro de 1815, en *Obras completas*, I, 165, e cfr. o «Discurso de Angostura», III, 676-677.

³⁵ Sobre a complexa e cambiante visión dos Estados Unidos de Bolívar, ver Bushnell, David (2008): «The United States as Seen by Simón Bolívar: Too Good a Neighbor», en David Bushnell / Lester D. Langley (eds.), *Simón Bolívar: Essays on the Life and Legacy of the Liberator*, Lanham, Rowman and Littlefield.

³⁶ Discurso de Angostura, en *Obras completas*, III, 682.

³⁷ Discurso de Angostura, en *Obras completas*, III, 682.

nos nin indios, non máis proliferación de mestizos e de castas, que compuxeran en orixe os Reinos de Indias. Agora só habería venezolanos ou chilenos, mexicanos ou peruanos.

No momento da independencia, non obstante, as identidades crioulas non estaban necesariamente vencelladas a un sentido de separación *política*. Constituían, segundo a distinción feita polo historiador liberal alemán Friedrich Meinecke a primeiros do século xx e que segue a ser útil, non «Estados nacionais» (*Staatsnationen*), senón «nacións culturais» (*Kulturnationen*)³⁸. E, na medida en que estas «nacións culturais» formaron parte dunha monarquía composta de varias das ditas nacións e cun só gobernante, evidentemente non existiu intento ningún de separación política. E o que foi certo para, por exemplo, México ou o Perú foino de igual maneira para Aragón ou Navarra. Cada un cooperou secretamente na afirmación de que eran rexións autónomas voluntariamente asociadas cunha entidade política maior que non era, xaora, tampouco unha nación, nin un Goberno federal, senón unha forma simbolicamente personificada: a propia monarquía. Cando, xa que logo, esa monarquía foi disolvida á forza por Napoleón en 1808 e o mesmo monarca enviado ao exilio, esvaeceuse, en efecto, o núcleo tradicional de lealdade. As Cortes de Cádiz que se reuniron en 1812 recibiron a tarefa de crearen, para a orde posnapoleónica, unha Constitución nova e «liberal», un termo que os delegados en Cádiz foron os primeiros en utilizar no seu sentido moderno. Este intento de repensar a antiga integridade de todo o mundo hispano facíase ao declarar que a nova nación española debía incluír a todos os «españóis», o cal inicialmente facía referencia a todos os residentes dos reinos antigos en ambos os lados do Atlántico, coa excepción dos escravos africanos e os indios «puros», e garantindo de igual modo, a todos eles, os mesmos dereitos e igualdade na representación³⁹. A invasión napoleónica de España, declarou o teórico político liberal Benjamin Constant, puido ser, coma todas as súas conquistas, anacrónica e inxusta, mais serviu para «espertar un pobo xene-

³⁸ Meinecke, Friedrich (1922): *Weltbürgertum und Nationalstaat: Studien zur Genesis des deutschen Nationalstaates*, Múnic, R. Oldenbourg, 3-22.

³⁹ Constitución política da monarquía española, promulgada en Cádiz o 19 de marzo, Cádiz, 1812, 23. Ver os traballos en Annino, Antonio / Francois Xavier Guerra (eds.) (2003): *Inventando la nación: Iberoamérica. Siglo XIX*, Ciudad de México, Fondo de Cultura Económica. Nun intento por reducir o número e a influencia política dos delegados americanos, os dereitos daqueles de ascendencia mixta africana ou india, as castas, foron reducidos progresivamente no documento final ata quedaren efectivamente todos eles excluídos. Ver J. H. Elliott, *Empires of the Atlantic World: Britain and Spain in America, 1492-1830*, 385.

roso do seu estupor» [«réveillé de sa stupeur un peuple généreux»]⁴⁰. Este espertar inicial, non obstante, demostrou ser moi breve. Cando Fernando VII retornou en 1814, disolveu as Cortes, repudiou a maior parte dos artigos da Constitución e, ignorando o que sucedera no norte tres décadas antes, impulsou o que se converteu nun prolongado, sanguento e, en definitiva, van intento por reconquistar América.

Mais, mesmo se a Constitución liberal chegase a sobrevivir, é dubidoso que fose viable a longo prazo para o mundo hispano na súa totalidade. Os crioulos americanos, a diferenza dos seus homólogos peninsulares, eran incapaces, en última instancia, de describir ningunha futura orde política en termos dunha tradición que puidese remontarse nas súas orixes á suposta «antiga constitución» de Castela, de acordo coa cal o rei supostamente gobernaría coa participación e consentimento dos seus súbditos. A experiencia política da elite crioula, como Bolívar repetiu unha e outra vez, fora só unha, e non de participación, senón de exclusión. En definitiva, non tiñan opción real senón levar a cabo a transición de *Kulturnationen* a *Staatsnationen*, para o que se requiría a creación de sociedades políticas *ex nihilo*. Os norteamericanos, pola contra, fixérono ao revés. Os *gentlemen* de provincias que encabezaron a revolución foron sempre, en palabras de Jefferson, «británicos americanos». En 1776 afirmaran ser un novo *Staatsnation*. Pasaría moito tempo, e unha prolongada guerra civil, antes de que puidesen crear unha *Kulturnation*.

Crear Estados novos, porén, sempre foi, no mellor dos casos, unha empresa arriscada. Sen unha fonte indubidable de lexitimidade, sen unha imaxe, símbolo ou ideoloxía para guiar a imaxinación dos futuros cidadáns, o novo Estado a miúdo estaba abocado á desintegración unha vez que a sempre inestable unidade creada no primeiro momento revolucionario ficaba atrás. Unha solución a este problema, a mesma que as provincias unidas dos Países Baixos tentaran en 1580, era procurar a lexitimidade política a través da herdanza dinástica. Os intentos por importar monarcas europeos, desde a solicitude, en 1825, de Manuel Belgrano da proclamación do infante Francisco de Paula como soberano independente do Río da Prata (que foi denegada) ata o traxicómico reinado de Maximiliano en México en 1864-1867, estiveron, como previra, porén, Bolívar, condenados ao fracaso porque unha monarquía é sempre máis ca un monarca. Ningún destes

⁴⁰ Constant, Benjamin (1822): «Commentaire sur l'ouvrage de Filangieri», en Gaetano Filangieri, *Œuvres*, París, VI, 71-72. Porén, foi escrito logo da revolución liberal de 1820.

principiños de importación nin as novas monarquías borbónicas que François-René, vizconde de Chateaubriand, propuxo para América do Sur no Congreso de Verona de 1822 poderían en realidade subsistir unicamente co apoio dunha aristocracia ficticia, «miserable» en palabras de Bolívar, e «cuberta en pobreza e ignorancia» e carecendo das armazóns sociais e culturais que lles permitiran aos europeos esixir a lealdade dos seus súbditos⁴¹. Un monarquismo reconstituído, aínda que fose liberal, como a maioría dos ideólogos da independencia recoñeceron, resultaba unha imposibilidade cultural en sociedades cuxa integridade como comunidades, para os primeiros decenios do século XIX, dependía en gran medida precisamente da súa separación dun réxime monárquico. Como De Pradt sinalou en 1817, «en gran parte das Constitucións americanas que chegaron ao meu coñecemento, non existiu unha que incluíse unha soa palabra no tocante á realeza. Pola contra, todas estiveron marcadas por un forte sentido de republicanismo e inclinadas máis ás institucións dos Estados Unidos ca ás de Europa»⁴².

Facéndose eco de Tom Paine, oito anos máis tarde declarou que a revolución americana, ao crear unha república no canto dunha monarquía, puxera «en marcha a reforma social que [resoaría (de alí en diante)] por todo o universo» [«donné le mouvement à la réformation sociale qui s'opère dans l'univers»]. Fose o que for agora o resultado das antigas colonias españolas, non podían deixar de acatar esa «reforma social»⁴³. Ou, como o historiador da emancipación do Perú Carlos Lissón expuxo sen reviravoltas en 1867, o Perú «foi independente porque os seus fillos se fixeron homes, e republicana porque a república é a verdade»⁴⁴. É dicir, a emancipación de España creara entre os súbditos das súas antigas colonias o desexo de se converteren en cidadáns, nun sentido parecido ao que Rousseau lle deu ao termo e que tamén era propugnado pola maioría dos ideólogos políticos dos movementos independentes, e estes cidadáns non podían xurdir baixo a tutela imposta pola monarquía.

A temperá aparición destas significativas diverxencias culturais e políticas entre as colonias e a nai patria non garantiu ningún grao de converxencia política entre as colonias mesmas (máis do que existía no norte). Para 1825, o acordo de *uti possedetis* de 1810, que tratara de reafirmar os antigos límites vicerreinais,

⁴¹ Carta ao xeneral O'Leary, 13 de setembro de 1829, en *Obras completas*, III, 315.

⁴² *The Colonies, and the Present American Revolutions*, xii-xiii.

⁴³ Dufour de Pradt, Dominique-Georges-Frédéric (1825): *Congrès de Panama*, París, 85.

⁴⁴ Lissón, Carlos (1867): *La República en el Perú y la cuestión peruana*, Lima, 16.

colapsaba definitivamente e os Reinos de Indias disolvéronse con rapidez en diferentes repúblicas dotadas dun forte sentido da súa propia identidade local e límites territoriais. É dicir, unha vez que o monarca, obxecto residual de lealdade, desaparecera, as colonias hispanoamericanas apenas tiñan nada que as mantivese unidas alén do común desexo de independencia e, polo menos nun primeiro momento, un común compromiso, como De Pradt sinalara, co ideal republicano. En nada quedaron os programas disgregadores para algunhas estruturas estatais maiores (o novo «imperio inca» de Francisco de Miranda, que abranguería os vicerreinados do Perú e Nova Granada sometidos a un Estado baseado nunha curiosa mestura entre senado romano e a Casa dos Comúns, ou a non moi distinta «monarquía incásica» de Manuel Belgrano, moi acadamente chamada «Reino Unido do Río da Prata», de 1825). O maior deles, o proxecto bolivariano da unión da «Gran Colombia», que abranguería de Venezuela a Chile, veuse abaixo mesmo antes da morte do seu creador⁴⁵.

O problema das dúas primeiras destas foi que, malia as alusións de Miranda e Belgrano ao pasado inca, aquelas estaban concibidas esencialmente como sistemas federais e o federalismo, como insistiu o mesmo Bolívar, non podería funcionar no sur como o fixo no norte porque este descansaba sobre un sistema de representación e, desde o punto de vista de Bolívar, «[a] nosa Constitución Moral non tiña aínda a consistencia necesaria para recibir o beneficio dun Goberno completamente Representativo, e tan Sublime canto que podía ser adaptado a unha República de Santos»⁴⁶.

Uns anos antes, o napolitano Vincenzo Cuoco fixera a mesma observación desde a efémera «república partenopea» de 1799 en Nápoles, outro intento de transformar unha monarquía borbónica nunha especie de república representativa. As verdadeiras repúblicas, escribiu, só podían ser fundadas onde xa existise «a memoria dalgún goberno anterior mellor[,] como a Carta Magna fora o compás da revolución inglesa»⁴⁷. Non existía tal memoria en Nápoles nin tampouco na América española. En ambos os casos os revolucionarios inclináronse non pola «representación», senón pola «virtude», e non perseguiron unha sociedade comercial moderna, senón o regreso ás repúblicas do mundo antigo.

⁴⁵ Ver Adelman, Jeremy (2006): *Sovereignty and Revolution in the Iberian Atlantic*, Princeton, Princeton University Press, 261-263.

⁴⁶ Discurso de Angostura, en *Obras completas*, III, 681.

⁴⁷ Cuoco, Vincenzo (1806): *Saggio storico sulla rivoluzione di Napoli*, Milán, 117.

As marcadas diferenzas canto ás súas orixes culturais entre os británicos do norte e os españois do sur tiveron como resultado a creación de dous tipos de proxecto republicano moi diferentes e que foron convenientemente cualificados como republicanismo «antigo» e republicanismo «moderno». A distinción foi descrita á perfección por Benjamin Constant no seu traballo de 1819 «De la liberté des anciens comparée a celles des modernes» [«Sobre a liberdade dos antigos comparada coa dos modernos»]. As repúblicas antigas, sinalou, eran necesariamente pequenas sociedades militarizadas que implicaban a todos os seus cidadáns no proxecto común do goberno e a defensa⁴⁸. A súa forza tenaz, que Montesquieu considerara «o máis importante», era «a virtude». As ditas comunidades estaban compostas, na tan influente nova descrición do modelo antigo que fixo Rousseau, non por homes, senón por cidadáns, e a vida privada dos individuos era asumida enteiramente pola vida pública da comunidade, a *res publica*. «O que os antigos denominaron liberdade», escribiu Constant, supuña, en efecto, «un sometemento completo do individual á autoridade común» [«l'assujettissement complet de l'individu à autorité de l'ensemble»]. O cidadán antigo, como cidadán, «toma decisións tanto en época de paz como de guerra», mais «como individuo queda circunscrito, observado e criticado en todas as súas accións» [«décide de la paix et de la guerre; comme particulier, il est circonscrit, observé, réprimé dans tous ses mouvements»]⁴⁹.

As repúblicas modernas, pola contra, eran sociedades comerciais extensas cuxos cidadáns gobernaban por representación e cuxa vida privada permanecía diferenciada da pública, e, de feito, a esfera pública existía para protexer e mellorar a privada. Eran constitucionais e, no sentido familiar, tamén liberais. A liberdade concedida pola *república moderna* e, consecuentemente, pola sociedade democrática liberal deu orixe ao que en termos rousseaunianos era case unha contradición, «o cidadán privado». No que os seus inimigos do século XIX

⁴⁸ Constant, Benjamin (1997): «De la liberté des anciens comparée à celle des modernes», en *Écrits politiques* (textes choisis, présentés et annotés par Marcel Gauchet), Paris, Gallimard, 595-596. Esta é probablemente a fonte temperá máis importante sobre a moi debatida distinción entre liberdade «positiva» e liberdade «negativa», conceptos que son algo semellantes, aínda que de certo non idénticos, aos de liberdade «antiga» e liberdade «moderna» de Constant. Sobre a explicación máis recente e convincente, ver Nelson, Eric (2005): «Liberty: One Concept Too Many?», *Political Theory*, 33, 58-78. Tamén ver Castro Leiva, Luis / Anthony Pagden (2001): «Civil Society and the Fate of the Republics of Latin America», en Sudipta Kaviraj / Sunil Khilnani (eds.): *Civil Society: History and Possibilities*, Cambridge, Cambridge University Press, 179-203.

⁴⁹ «De la liberté des anciens comparée à celle des modernes», 594.

denominaron «a república liberal burguesa», pola contra, aos homes éralles posible ser homes e cidadáns. Non tiñan necesidade de ser virtuosos, só de respectar a lei. Dispuñan de acceso, malia que unicamente como votantes, á vida política, o que lles fora negado no período de monarquías do Antigo Réxime; deste xeito, estáballes permitido converterse en auténticos seres sociais autónomos, aínda que non totalmente súbditos do Estado de que formaban parte. O Estado liberal, noutras palabras, outorgaba aos seus cidadáns non só liberdade *política*, senón ademais liberdade civil. Para os máis modernos, os trazos máis definitorios do republicanismo foron a súa confianza na representación e a súa dedicación ao comercio. Isto por si só puido asegurarlle ao corpo cidadán a necesaria liberdade respecto da restrición (e, en particular, liberdade contra a interferencia por parte do Estado) necesaria para desenvolver a súa propia vida privada.

Certamente sería unha mera simplificación insinuar que, en tanto que as tradicións políticas e culturais do norte predispuxeron os americanos británicos cara ás concepcións modernas da república, os americanos españois eran arrastrados unicamente polos modelos antigos. Mais, falando en termos xerais, é certo afirmar que os crioulos tan só perseguiran un obxectivo, o libre comercio, polos rápidos beneficios económicos que achegaría sen dúbida. Tiñan pouco coñecemento da confianza que Europa depositaba no comercio como motor civilizador e que xa desacougara a Montesquieu e, a través del, a Campomanes e a Jovellanos, e eran aínda menos conscientes da ambición de exportar os seus beneficios a toda a humanidade. Alén diso, tampouco comprendían a idea de representación ou non amosaban especial simpatía por ela. Porque, malia ser improbable que, como afirmou Bolívar, a *constitución moral* dos novos Estados aínda non fose apta para a representación, era totalmente certo que a representación implicaba, mesmo no sentido restritivo en que o termo foi empregado a finais do século XVIII, unha ampla concesión que sen dúbida ameazaría a hexemonía da elite crioula. Unha especie de «republicanismo antigo», pola contra, parecía ofrecer a posibilidade de rexeneración económica e social dentro dunha comunidade unida na que, dado que a república antiga era oligárquica, as elites antigas podían acumular todo o poder e a riqueza. Unicamente unha república en esencia antiga podería, segundo Bolívar, «rexenerar o carácter e os costumes que a tiranía e a guerra non deu [*sic*]» e só a dita república sería capaz de crear nas selvas tropicais «un Poder Moral, tirado do fondo da escura antigüidade, e daquelas esquecidas Leis que mantiveron algún tempo a virtude

entre os gregos e romanos». Mesmo os censores romanos, como instrumento máis prezado de consenso público no mundo antigo, estaban destinados a ser un elemento da nova república americana. En Angostura, Bolívar informou os lexisladores nun fragmento que, polo menos canto aos sentimentos que expresa, puido ser directamente tirado de Rousseau:

Tomemos de Atenas o seu Areópago, e os gardiáns dos costumes e das Leis; tomemos de Roma os seus Censores e os seus Tribunais domésticos, e facendo unha santa alianza destas institucións morais, anovemos no Mundo a idea dun Pobo que non se contenta con ser Libre e forte, senón que quere ser virtuoso. Tomemos de Esparta os seus austeros establecementos e formando destes tres mananciais unha fonte de virtude, deamos á nosa República unha cuarta potestade cuxo dominio sexa a infancia e costumes e o corazón dos homes, o espírito público, os bos costumes e a moral Republicana⁵⁰.

Segundo dixo o xeneral chileno Bernardo O'Higgins en xuño de 1822, aludindo ao *Du Contrat social* de Rousseau, esta república antiga e democrática había fundarse no «pacto que debe facer deste mundo unha nación republicana»⁵¹.

Todo isto podería parecer, como un observador anónimo e hostil referiu en 1820, pouco máis ca a imaxe dun «mundo que, dalgunha maneira fantástica, semella ser feito para xustificar o pasado e alimentar as esperanzas sobre o futuro»⁵². Mais a súa natureza quimérica, que Bolívar xa observou e rexeitou, non foi o seu único defecto. Porque era precisamente esta «fonte de virtude», como o propio Constant recoñeceu nun artigo de *Le Courrier français* que atacaba «O Libertador» alcumándoo de novo e diminuído Napoleón, o que Bolívar sempre entendeu baixo o termo de «liberal». Era a liberdade que podía estenderse só a aqueles capaces de practicar a «virtude republicana» e esta por definición referíase unicamente a aqueles poderosos dabondo para desempeñaren un cargo na vida po-

⁵⁰ Discurso de Angostura, en *Obras completas*, III, 692.

⁵¹ *Obras completas*, I, 619. No capítulo VI de *Du Contrat social*, Rousseau fai referencia ao acordo inicial que transforma un conxunto de individuos nun «corps moral e collectif» como un «pacte». Rousseau, Jean-Jacques (1964): «Du Contrat social», en *Œuvres complètes* (édition publiée sous la direction de Bernard Gagnebin et Marcel Raymond), París, Bibliothèque de la Pléiade, III, 361. Bolívar era o orgulloso dono da copia de Napoleón de *Du Contrat social*.

⁵² *Reflexiones sobre el estado actual de la América, ó cartas al Abate de Pradt*, Madrid, 1820, IV. O autor é anónimo. Ver tamén Castro Leiva, Luis (1985): *La Gran Colombia: una ilusión ilustrada*, Caracas, Monte Alva Editores.

lítica. Do mesmo xeito, a «opinión pública» á que el e outros moitos líderes dos movementos independentistas se referían decontino non era, coma para o resto de pensadores liberais desde Constant a Tocqueville e John Stuart Mill (e como o fora para Montesquieu), unha forza para ser usada co fin de conter as ambicións daqueles que se atopaban no poder. Era, pola contra, a expresión dunha vontade política colectiva, un sinónimo da *volonté générale* rousseauiana. As novas repúblicas americanas españolas, desde México ata a Arxentina, eran todas de formas a miúdo diverxentes, intentos por crear sociedades verdadeiramente novas no Novo Mundo. O paradoxal é que os materiais intelectuais en que se inspiraron os seus defensores eran tamén antigos.

Os antigos Reinos de Indias non só se separaran, senón que tomaran unha forma política e abrazaban unha ideoloxía política que era totalmente diferente de todo o que os precedera e nada que fose imaxinable no mundo antigo hispano. Debido a que os ideólogos dos movementos de liberación hispanoamericanos, a diferenza dos angloamericanos, nunca miraron atrás cara a ningún pasado imaxinario como modelo para o seu propio futuro, non puideron apropiarse da clase de institucións de liberalización que podían rastrexarse no pensamento de Jerónimo de Uztáriz, Campillo y Cossío e Campomanes, aínda que só sexa porque finalmente deron lugar non ao tipo de comunidade panhispana que Aranda esperara, senón, pola contra, ás desastrosas reformas borbónicas. E, por isto, o que eles tentaran crear de maneiras diferentes foi unha forma de modernidade que, ideoloxicamente polo menos, tiña moito máis en común coa Revolución Francesa ca coa norteamericana. Os experimentos hispanoamericanos de republicanismo como intentos de modernidade estaban condenados, coma sen dúbida tamén os franceses, a fracasar. Mais ninguén podía sabelo daquela e como experimentos foron moito máis audaces ca ningún dos imaxinados polos pais fundadores dos Estados Unidos, dedicados firmemente a recrear a «Revolución Gloriosa».

